# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

**Cursos 2º e 4º da ESO**

- IESP PEDRA DA AGUIA DE PONTE DO PORTO ( CAMARIÑAS) -

CURSO 2022-2023

Índice

1.Introdución e contextualización . ....................................................................................3

2.Contribución ó desenvolvemento das competencias básicas clave.........................................4

3.Relación dos estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfís competencias. Temporalización. Graos mínimo de consecución para superar a materia:

2º ESO...................................................................................................6

4º ESO...................................................................................................13

4.Procedementos e instrumentos de avaliación. ponderación de estándares....................20

5.Concrecións metodolóxicas ..............................................................................................23

6.Materiais e recursos didácticos utilizados......................................................................24

7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.............................25

8.Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente..................26

9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.............................................................................................................................31

10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.............................................................................31

11. Medidas de atención á diversidade.................................................................................31

12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso ..........................33

13. Actividades complementarias e extraescolares..............................................................32

14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora:................................................33

15. Constancia de información ó alumnado.......................................................................34

## 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O Instituto de Ensino Secundario "Pedra da Aguia" está situado en Ponte do Porto, a 9 km de Camariñas. A maioría dos alumnos chegan ó centro en autobús. Neste centro impártense os catro cursos da E.S.O. Esta zona da Costa da Morte caracterízase por unha economía baseada principalmente na actividade marítima e agrícola e pola importancia da emigración, concretamente a Suíza.

Destaca a presenza de alumnos que teñen familia nun país francófono, maioritariamente en Suíza, polo que chegan ó instituto cun coñecemento rudimentario de palabras en francés ou algunhas frases escoitadas cando a familia vén de visita. Esta situación repercute positivamente na actitude dos alumnos de cara á aprendizaxe da lingua, posto que toman conciencia da utilidade de aprender francés, tanto polas posibilidades á hora de atopar un traballo nun país estranxeiro-como fixeron os seus parentes- como pola necesidade de aprender a lingua no caso de visitas familiares.

A profesora que imparte a materia de francés no centro é María José Varela Liñares, tamén Xefa de Departamento de Francés e membro da comisión da biblioteca, que conta cun total de 14 horas lectivas para este curso, 1 hora de redución por xefatura de Departamento, 1 hora de redución por atención a pais e 7 horas de traballo na biblioteca (das cais unha é reunión do equipo e dúas de gardas de recreo).

Neste curso escolar 2022-2023 non hai alumnos que cursen Francés Primeira Lingua.

Un total de 97 alumnos cursarán a materia de francés este ano.

Os cursos asignados ó departamento son os seguintes:

**DISTRIBUCIÓN DAS HORAS POR CURSO E NÚMERO DE ALUMNOS**

- 1ºESO A (2 horas por semana): 15 alumnos
- 1ºESO B (2 horas por semana): 18 alumnos
  **TOTAL : 33**
- 2ºESO A (2 horas por semana): 15 alumnos
- 2ºESO B (2 horas por semana): 15 alumnos
  **TOTAL: 30**
- 3ºESO (3 horas por semana): **19 alumnos**
- 4ºESO (3 horas por semana): **15 alumnos**

## 2. CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

### 2.1. COMPETENCIAS CLAVE

A contribución da materia de francés ás competencias clave aparece reflectida nas programacións didácticas dos distintos niveis..

1. Sen dúbida, a materia de lingua estranxeira contribúe á competencia en comunicación lingüística (CCL) pois ofrece máis oportunidades para interactuar en situacións comunicativas e para reflexionar sobre a linguaxe en xeral a través da comparación entre as distintas linguas que se están a aprender.

2. Porén, a lingua non só é un medio para a comunicación; tamén é unha ferramenta esencial para o acceso a outras aprendizaxes non lingüísticas. Isto, unido á utilización da gradación dos logros nas aprendizaxes propostas polo Marco Común Europeo de Referencia e ao uso consciente de estratexias de aprendizaxe, contribúe a espertar no alumnado a consciencia do estado dos seus coñecementos e o desexo de utilizar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información universal, favorecendo un proceso dinámico de aprendizaxe ao longo da vida. É por isto que a materia de lingua estranxeira contribúe de xeito directo á competencia de aprender a aprender (CAA), xa que será a través dela que o alumnado accederá a distintos tipos de información, textos e contidos que lle permitan acceder á aprendizaxe.

3. A aprendizaxe dunha lingua ten tamén un compoñente social que vai axudar ao desenvolvemento global das persoas. A contribución da materia de lingua estranxeira á competencia social e cívica (CSC) prodúcese a través de dúas vías:

A) Por unha banda, todas as linguas son un vehículo para a interacción social, e a súa aprendizaxe comprende non só os aspectos exclusivamente lingüísticos, senón tamén os compoñentes socioculturais que aparecen no uso desa lingua.

B) Por outra banda, non podemos esquecer que toda lingua é un vehículo de transmisión cultural e que o seu coñecemento favorece a tolerancia e o respecto polas outras culturas, relacionando a cultura propia coa estranxeira, aceptando a diversidade de valores, e superando prexuízos, favorecendo actitudes socialmente positivas tales como a cooperación a través do traballo compartido, o respecto ao interlocutor ou a participación activa en debates.

4. Dende a materia de lingua estranxeira, a contribución á competencia dixital (CDIX) será importante. O tratamento da información traballarase dende esta área como un contido específico a través de actividades que requirarán do alumnado o manexo de fontes informativas en distintas linguas, soportes e modelos lingüísticos e o seu procesamento e presentación posterior. Da mesma maneira, a contribución á competencia dixital será continua: dende o uso das TIC para a creación de distintos contextos comunicativos: chats, foros, correo electrónico, blogs, etc., pasando polo uso de distintas ferramentas dixitais para manexar a información: internet, presentacións de PowerPoint, realización de vídeos... ata ó uso de distintos recursos para a aprendizaxe das linguas: programas de software específicos, páxinas web, dicionarios en liña, tradutores automáticos, etc.

5. A aprendizaxe dunha lingua estranxeira ofrece igualmente oportunidades para o achegamento ás súas principais manifestacións artísticas e culturais. Así, contribuirase ao desenvolvemento da competencia de conciencia e expresións culturais (CEE) do alumnado a través da presentación de modelos lingüísticos que conteñan valores artísticos ou culturais de maneira que aprenda a valoralos e a atopar goce estético neles.

6. Por outra banda, os alumnos que cursen francés tamén traballarán a competencia matemática posto que, por exemplo, en 1º da ESO, co motivo do estudo dos números, terán que realizar operacións matemáticas en francés. No resto dos cursos, aparte das revisións que se farán dos números, concretamente en 3º da ESO, onde se volverán a reactivar os coñecemento matemáticos, serán propostos de xeitos puntual xogos de lóxica e razoamento que activarán o pensamento racional dos alumnos.

7. Por último, dende a materia de francés tamén se fomentará o sentido da iniciativa e o espíritu emprendedor (SIEE) coa realización de traballos en equipo que activarán a creatividade, a concreción das ideas e a exposición das mesmas por parte do alumnado. O alumnado será invitado a procurar a información en internet ou en enciclopedias e a ser quen de organizar, estruturar e priorizar a información relevante en función dos obxectivos establecidos para o proxecto que lle será proposto.
As capacidades máis relevantes que definen o sentido da iniciativa e o espíritu emprededor relaciónanse coa capacidade para xestionar de xeito proactivo os proxectos, a capacidade de planificación, a capacidade de xestión e o desenvolvemento da habilidade para traballar tanto individualmente como en equipo.
Os alumnos deberán aprender a levar as súas ideas á práctica e atopar as ferramentas precisas para concretar un traballo que se lles pide. Dende este punto de vista será fundamental que o alumnado respecte os prazos establecidos para a entrega dos traballo. Asemade, traballarase a responsabilidade individual hacia si mesmo e hacia os demáis. Os proxectos que se propoñen ó final de cada unidade didáctica de cada curso fomentan este espíritu de iniciativa e de emprendemento.

## 3.RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAS. TEMPORALIZACIÓN.

**2º ESO**

| **Francés Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO** | | | |
|---|---|---|---|
| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| **Bloque 1. Comprensión de textos orais** | | | |
| B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:<br>-Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto;<br>-Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.<br>-Identificación de palabras clave.<br>-Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica)<br>-Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.<br>-Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.<br>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.<br>-B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.<br>B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.). | B1.1. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal e pública moi básica (identificación persoal, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento e actividades na aula.<br>B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.<br>B1.3. Comprender o sentido global e asinformacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas emoi básicas (por exemplo, onde e cando ocorre algo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas que posúen algo, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico, etc.) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.<br>B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal e público moi elemental, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible. | SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD |
| | | SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD |
| | | SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD |
| | | SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD |

| Francés Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|
| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| **BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS**<br>Estratexias de produción:<br>Planificación:<br>Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción<br>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle.<br>Execución:<br>Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.<br>Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción.<br>Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.<br>Reaxuste da tarefa ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades.<br>Compensación das carencias mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.<br>Lingüísticos:<br>Modificación de palabras de significado parecido.<br>Definición ou paráfrase dun termo ou<br>Uso da lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta.<br>Petición de axuda.<br>Paralingüísticos:<br>Uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.<br>Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).<br>Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.<br>B2.2. Respecto cara a si e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.<br>B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación cotiás moi básicas. | **BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS**<br>■ B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.<br>B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.<br>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas e cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.<br>B2.4. Dar e obter información sobre datos | **BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS**<br>■ SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. | CSIEE<br>CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD |
| | | SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD |
| | | SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD |
| | | SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD |
| | | SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD |

| Francés Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|
| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| **COMPRENSIÓN TEXTOS ESCRITOS**<br>B3.1. Estratexias de comprensión:<br>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.<br>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).<br>Distinción de tipos de comprensión necesarios para arealización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).<br>Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.<br>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.<br>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.<br>B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas. | **COMPRENSIÓN TEXTOS ESCRITOS**<br>B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, aos títulos e a outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.<br>B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas, e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles e traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual.<br>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a coñecementos e experiencias propias da súa idade.<br>B3.4. Comprende textos propios de situacións cotiás próximas onde se dan a coñecer bens se servizos ou acontecementos (anuncios publicitarios elementais, folletos, catálogos, invitacións, etc.), e con apoio visual cando teña certa dificultade. | **COMPRENSIÓN TEXTOS ESCRITOS**<br>SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSIEE |
| | | SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. | CCL<br>CAA |
| | | SLEB3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. | CCL<br>CAA<br>CCEC |
| | | SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer. | CCL<br>CAA<br>CCEC |

## Francés Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares | Competencias clave |
|---|---|---|---|
| **Bloque 4. Produción de textos escritos** | | | |
| B4.1. Estratexias de produción:<br>Planificación:<br>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode dicir) | 4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula. | SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. | CCL<br>CAA<br>CCE<br>CCD |

| Bloque 4. Produción de textos escritos | | | |
|---|---|---|---|
| Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).<br>Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.<br>Execució<br>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.<br>Estruturación do contido do texto.<br>Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.<br>Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.<br>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "paréceme ben", etc.).<br>Revisión:<br>Identificación de problemas, erros e repeticións.<br>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.<br>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).<br>Reescritura definitiva. | B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.<br>B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.<br>B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. | SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSIEE |
| | | SLEB4.3. Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas. | CCL<br>CAA<br>CCE<br>CCD |
| | | SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada. | CCL<br>CAA<br>CCE<br>CD |

| Francés Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|
| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe | | | |
| B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.<br>Sons e fonemas vocálicos.<br>Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.<br>Procesos fonolóxicos máis básicos.<br>Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.<br>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas.<br>Uso das normas básicas de ortografía da palabra.<br>Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.<br>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>Recoñecemento e uso de convencións | B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.<br>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.<br>B5.3. Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos. | SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas | |

| Francés Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| sociais básicas e normas de cortesía e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.<br>Achegamento a aspectos culturais : hábitos,horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais, comida, lecer, deportes, e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes .<br>Identificación de similitudes e diferenzas máis significativas nos costumes cotiáns<br>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, que falan outra lingua<br>B5.4. Plurilingüismo:<br>Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece.<br>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que se posúe<br>B5.5. Funcións comunicativas:<br>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.<br>Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.<br>Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.<br>Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.<br>Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza. | B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. | | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD |
| | B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. | | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD |
| | B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente. | | |

Contidos sintáctico-discursivos en Francés Segunda Lingua

-Expresión de relacións lóxicas: conxunción (et); disxunción (ou); oposición (mais); causa (comme); finalidade (pour); comparación (le plus, le moins); consecuencia (alors); explicativas (parce que).
-Relacións temporais (d'abord, ensuite, il y a).
-Exclamación (quel + nom !, désolé !) ; interxección (si! Bravo !).
-Negación (pas de, rien).
-Interrogación (inversión (V + Suj.); réponses (si, pron. tonique + oui/non).
-Expresión do tempo: presente; presente progresivo (être en train de); pasado (passé composé avec avoir et être sans accords); futuro (futur proche). Introdución do condicional (fórmula de cortesía: je voudrais).
-Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (frases simples + Adv. (ex: souvent); incoativo (aller + Inf.).
-Expresión da modalidade: factualidade (phrases déclaratives); capacidade (savoir); posibilidade/probabilidade (peut-être); necesidade (il faut); obriga/prohibición (il faut, verbe devoir, imperativo); permiso (pouvoir, demander); intención/desexo (je voudrais) ; cortesía.

-Expresión da existencia (il y a, il n'y a pas); a entidade (p. ex. articles contractés, pronoms réfléchis, adjectifs démonstratifs); a posesión (adxectivos posesivos dun e de varios propietarios);a cualidade (formación regular e irregular dos adxectivos).
-Expresión da cantidade: (plurais irregulares; números cardinais ata catro cifras; números ordinais ata dos cifras; articles partitifs). Adverbios de cantidade e medidas (un (tout petit) peu, trop, pas assez + Adj., une boîte, un paquet); o grao.
-Expresión do espazo (prépositions et adverbes de lieu (sur, sous,…), position, distance, mouvement, direction, provenance (venir + contraction de), destination (aller + contraction à).
-Expresión do tempo: puntual (demain matin, jeudi soir); divisións (en (année)); indicacións de tempo (demain, hier); duración (de…jusqu'à, en ce moment); anterioridade (il y a…); posterioridade (après); secuenciación (à partir de); frecuencia (d'habitude, une/deux/… fois par…).
-Expresión do modo.

TEMPORALIZACIÓN TRIMESTRAL

| | |
|---|---|
| PRIMEIRO TRIMESTRE | TEMAS 1 E 2 |
| SEGUNDO TRIMESTRE | TEMAS 3 E 4 |
| TERCEIRO TRIMESTRE | TEMAS 5 E 6 |

SECUENCIACIÓN: O libro componse de 6 unidades da mesma extensión e estrutura, á excepción do Módulo 0, que presenta unhas características especiais por ser o primeiro do libro. Cada unidade require un tempo aproximado de seis ou sete semanas para a súa realización. Tendo en conta que as semanas de clase son ó redor de 35 e que o francés en 2º da ESO se imparte a razón de dúas horas semanais, teríamos un total de 70 sesións brutas, sen ter en conta os exames e outras actividades.

A continuación detallamos a planificación semanal das sesións dos cursos cos contidos principais que imos traballar en cada unha delas.

| **2º DA ESO** | **CONTIDOS A TRABALLAR** |
|---|---|
| Module 0/ 1 | Parler de la rentrée au collège/ Parler de ses activités |
| | Parler de ses activités |
| | Décrire physiquement une personne ou un animal |
| | Décrire physiquement une personne ou un animal |
| | S'informer sur l'identité de quelqu'un |
| | Indiquer la nationalité et le pays |
| | Exprimer ce que l'on ressent |
| | **PROJET** :Savoir faire un rendez-vous pour faire du sport<br>Savoir interviewer à un camarade |
| Module 2 | Indiquer un itinéraire |
| | Indiquer un itinéraire |
| | Indiquer d'où l'on va, d'où on vient |
| | Faire des propositions, accepter et refuser |
| | Parler de ses projets immédiats |

| | |
|---|---|
| | **PROJET**: Un voyage pour une ville francophone |
| Module 3 | Inviter quelqu'un, accepter/refuser poliment une invitation |
| | Inviter quelqu'un, accepter/refuser poliment une invitation |
| | Exprimer la possession |
| | Faire des achats dans un magasin d'alimentation |
| | Expliquer une recette de cuisine |
| | Préciser une quantité |
| | **PROJET** : Reálisation des crêpes |
| Module 4 | Parler de sa maison, de sa chambre et de ses objets personnels |
| | Savoir expliquer où se trouvent les objets |
| | Savoir parler des maisons insolites |
| | **PROJET** : Présenter sa maison idéale |
| Module 5 | Faire une commande dans un restaurant |
| | Parler de ses habitudes et de son alimentation |
| | Découvrir la langue poétique |
| | Savoir exprimer la fréquence |
| | **PROJET**: Dialogue dans un restaurant |
| Module 6 | Parler des saisons, du temps qu'il fait |
| | S'informer et donner des informations précises sur un animal |
| | Faire des comparaisons |
| | Parler des l'avenir (prévisions, projets) |
| | **PROJET** : Créer le livre-souvenir de la classe |

■ **Contidos mínimos: 2º ESO**

**Funcionais:**

-Pedir permiso.
- Expresar os seus gustos en materia de alimentación.
-Saber pedir nun restaurante e nunha tenda.
- Ser quen de indicar unha dirección.
-Describir a roupa que leva unha persoa.
-Saber escribir unha carta de invitación.
-Saber describirse e falar das actividades do tempo libre.

**Morfosintácticos:**

- Presente de indicativo, o futuro próximo.
-As contraccións.
-Os partitivos.
-Verbo aller/faire/vouloir/pouvoir/venir/prendre/manger/boire.
-Determinantes demostrativos.
-Preposicións de lugar.

**Léxicos:**

- Vocabulario da casa, da roupa, da alimentación, da cidade.
-Vocabulario do lecer, deportes e do corpo humán.

**Fonéticos**:
- Principais dificultades na pronunciación do francés.

**Socioculturais:**
-O xantar en Francia e España.
- O tempo libre.
-As festas tradicionais en Francia

**Procedimentais:**

- Repetición oral: entoación, pronunciación e ritmo.
- Pronunciación de mensaxes orais sinxelos.
- Memorización dos contidos.

Actitudinais:
– Interese por comprender.
- Valoración positiva das diferencias culturais.
- Aceptación ou respecto polas opinións alleas.
- Reflexión sobre as realidades diferenciais

## 4º ESO

| Francés Segunda Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|
| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares | Competencias clave |
| **Bloque 1. Comprensión de textos orais** | | | |
| B1.1. Estratexias de comprensión:<br>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.<br>Identificación do tipo textual,<br>Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais).<br>Formulación de hipóteses sobre o contido.<br>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos<br>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas.<br>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.<br>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.<br>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral. | B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles.<br>B1.2. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro,<br>B1.3. Comprender o esencial en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiás, etc.), sempre que se fale con lentitude e con claridade. | SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa e mellorándoo, de ser o caso: facendo anticipacións do que segue e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.<br><br>SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado. | ■ CCL<br>■ CAA<br>■ CSC<br>CCEC<br><br>■ CCL<br>■ CAA<br>■ CSC<br>■ CCEC<br>■ CD |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre descricións, narracións, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes e de necesidade inmediata relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.<br>B1.5. Comprender o sentido xeral e información moi relevante e sinxela de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, previamente traballados, e de programas de televisión tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, sempre que as imaxes porten gran parte da mensaxe | SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa preguntas sobre asuntos persoais ou educativos, así como comentarios sinxelos e<br>SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas sempre que se fale amodo e con claridade.<br>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e<br>SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>■ CCL<br>■ CAA<br>■ CSC<br>■ CCE C<br>■ CCL<br>■ CAA<br>■ CSC<br>■ CCE |

**Francés Segunda Lingua Estranxeira. 4º de ESO**

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares | Competen-cias clave |
|---|---|---|---|
| **Bloque 2. Produción de textos orais** | | | |
Tamén se traballará con cancións e outros materiais audiovisuais que serán elixidos en función dos obxectivos propostos para cada unidade e en función das sensibilidades do grupo, como por exemplo as cancións de Amel Bent: *Ma philosophie, de Matt Pokora: Juste un instant,* de ZAZ: *Je veux,* de Soprano, *Le Coach, de Bigflo et Oli Dommage e Bienvenue chez nous* entre outras e, por suposto, Léon le Caméléon.
Asemade, tamén recurriremos ó visionado de vídeos de youtube sempre e cando este visionado reforce e complemente o tema que estamos estudando na aula. A canción de "Léon le Camaléon", unha entrevista a Zinedine Zidane, un vídeo de Jamel con Stromae, un vídeo de Cyprian "Quand j'étais petit", entre outros conforman o tipo de documentos visuais que serán mostrados ós alumnos no marco do proceso ensinanza/aprendizaxe.

3) Sites Webs.

Por outra banda, realizaranse exercicios online dos principais sites útiles para a aprendizaxe do francés, fundamentalmente de www.tv5.org así como de www.lepointdufle.fr.

4) Libros de lectura en francés.

Outro material co que traballaremos na clase serán os libros ilustrados editados en Francia que se atopan nos andeis da aula de francés e na biblioteca. Estes libros serán de lectura voluntaria.

## 7. CRITERIOS DE CUALIFACIÓN. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

O sistema elixido para tódolos cursos é o de **avaliación continua**. A nota de cada avaliación será o desglose de dous aspectos que o departamento considera fundamentais:

**2º e 4º da ESO:**

- Participación, motivación, interese, actitude positiva ante a aprendizaxe, colaboración, respecto polos compañeiros e polo profesor, traballo diario, deberes: (20%).
- Probas escritas, probas orais e probas de escoita: (80%), desglosadas do seguinte xeito:

| |
|---|
| 20% expresión oral |
| 60 % compresión oral+comprensión escrita+expresión escrita |

- **Participación, motivación, actitude e traballo diario**

O apartado 1 dos aspectos a avaliar será recollido de xeito individual e periódico no caderno do profesor, onde constará unha **ficha de seguimento individual** de cada alumno. Esta ficha recollerá o traballo diario do alumno, ... As anotacións que se realizarán tomarán a forma de positivo ou negativo, en función do traballo na aula e fóra da aula. Estas anotación diarias servirán ó profesor para calibrar a nota de cada alumno no apartado que corresponde ó traballo diario. Ademais, na ficha do alumno farase un seguimento diario dos deberes. Sempre que sexa posible, verificarase tódolos días de clase de xeito individual se os alumnos trouxeron as tarefas feitas.

- **Probas orais e escritas**

En canto **ás probas escritas e de escoita,** procederanse á facer, salvo casos excepcionais, **ó menos dúas por avaliación**. Nelas incluiranse todo tipo de actividades para comprobar os coñecementos adquiridos polos alumnos, pero en todo caso tomando como modelos as actividades realizadas en clase.
As probas escritas constarán, entre outras actividades, dun documento para avaliar a compresión lectora dos alumnos, doutro para puntuar a comprensión oral e dunha actividade na que deberán amosar as súas destrezas na expresión escrita.

**As probas orais faranse en tódolos cursos**, a razón dunha, e se temos tempo, dúas por trimestre, sempre que sexa pertinente e a progresión da clase o permita.

As probas orais serán gravadas sempre que sexa posible, de xeito que quede constancia do documento sonoro en aras de facer unha avaliación máis rigorosa.

- **Cálculo da nota media final**
  **A nota final da materia de francés será calculada do seguinte xeito:**

1. Nota da primeira avaliación multiplicada por 1
2. Nota da segunda avaliación multiplicada por 2
3. Nota da terceira avaliación multiplicada por 3.

4. A suma total será dividida entre 6.

Asemade, dende o departamento se considera que o aprobado se sitúa no 5, e só se aprobará a alumnos que teñan unha nota máis baixa en casos excepcionais e en todo caso nunca na primeira e na segunda avaliación.

Por outra banda, se un alumno no se presentase os días das probas e non presentase un escrito que xustifique esa falta, poñeráselle un cero nas probas nas que non participou.

No caso de que se detecten **irregularidades** na realización das probas, procederase do seguinte xeito:
- Se se atopa consultando algún tipo de apuntamento, en calquera soporte, retiraráselle a proba, que será cualificada cun **cero**.
- Se se detecta algunha consulta a un compañeiro, procederase como segue:
  1º vez: amoestación verbal e baixada dun punto e medio na proba.
  2º vez: amoestación verbal e retirada do exame.

Cando exista a sospeita fundada de que se consultaron apuntamentos ou compañeiros ao realizar unha proba, aínda que isto non se detectara durante o desenvolvemento da mesma, o/a profesor/a poderá facer unha proba de contraste, que trate dos contidos obxecto da sospeita.

**Non se establece un sistema de probas de recuperación para cada trimestre**, xa que a materia se perfila en base a unha avaliación continua. Os alumnos que non consigan acadar os mínimos esixidos en xuño terán que presentarse á convocatoria de setembro. Nela, fixaranse os contidos mínimos da materia.

É tamén importante reflectir aquí o sistema extraordinario de avaliación para ou alumnado que perda ou dereito á avaliación continua. No caso destes alumnos, farase unha proba na que se incluirán todos os contidos vistos polos seus compañeiros na aula ó longo do curso. Tamén terán que entregar os traballos pedidos polo profesor e realizarán unha proba oral con tódolos contidos. Este valorará o esforzo e o traballo realizado polo alumno durante todo o curso. O resto irá á convocatoria de setembro.

O departamento votará en contra da obtención do título por parte daqueles alumnos de 4º da ESO que lle quedara pendente unha materia sempre que houbera abandono da mesma durante o curso sen causa xustificada.

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

### A. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente.

**1. Indicadores de logro do proceso de ensino**: valoraranse de 1 a 4 os seguintes indicadores:

1. Nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
3. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
4. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.

**2. Indicadores de logro da práctica docente**:valoraranse de 1 a 4 os seguintes indicadores:

1. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
2. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
3. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
4. Combínase o traballo individual e en equipo.
5. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
6. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
7. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.
8. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos,etc.

**PRIMEIRO CICLO**

| En vías de adquisión | Adquirido | En vías de adquisión | Adquirido |
|---|---|---|---|
| Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara con dificultade e con necesidade de repeticións e con apoio xestual. | Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara co algunha dificultade e con necesidade de repeticións. | Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas con bastante dificultade e connecesidade de repeticións e con apoio xestual. | Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas con apoio visual e con necesidade de repetición. |
| Ten dificultade en identificar as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición. | Ten dificultade en identificar as ideas principais nunha conversación formal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación formal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición. |

| En vías de adquisión | Adquirido | En vías de adquisión | Adquirido |
|---|---|---|---|
| Ten dificultades en identificar as ideas principais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese con necesidade destes apoios: visual, xestos e repeticións. | Sabe identificar o sentido global e informacións esenciais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese con necesidade destes apoios: visual, xestos e/ou repeticións. | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. |
| Desenvólvese con dificultade en xestións e transaccións cotiás, dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos | Participa en conversacións cara a cara con algunha dificultade na comprensión e con problemas no uso de patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados. | Participa en conversacións cara a cara con algunha dificultade na comprensión, pero cun uso de patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados. |
| Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen | Desenvólvese nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen | Identifica con dificultade instrucións xerais, coa axuda da imaxe. | Identifica, coa axuda da imaxe, instrucións xerais |

| | | | |
|---|---|---|---|
| apoio de xestos. | apoio de xestos. | | |
| Identifica con dificultade a función comunicativa de correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras, en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa de correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica con dificultade a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras, en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna. |
| Recoñece con moitas dificultades palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con moita axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema. | Recoñece con pouca dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con bastante axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema. | Identifica con bastante dificultade palabras e frases en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas familiares para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. | Entende con dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. |
| Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións marcando con moita dificultade os datos ou outro tipo de información persoal. | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións marcando con algunha dificultade os datos ou outro tipo de información persoal. | Escribe con moita dificultade notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), en que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando poucas das estruturas dadas. | Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), en que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando con algunha dificultade as estruturas dadas. |
| Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve con moita dificultade. | Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve utilizando un léxico adecuado, pero con dificultade. | | |

## SEGUNDO CICLO

| BLOQUE 1: Comprensión de Textos Orais | | | |
|---|---|---|---|
| INDICADORES DE LOGRO | | | |
| En vías de adquisición | Adquirido | Avanzado | Excelente |
| Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de xeito lento e claro con dificultade e con necesidade de repeticións e con apoio xestual. | Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de xeito lento e claro con dificultade e con necesidade de repeticións e con apoio xestual. | Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de xeito lento sen ningunha dificultade con necesidade de repeticións. | Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de xeito lento sen ningunha dificultade e sen necesidade de repeticións. |
| Entende información relevante do que se di en transaccións e xestións cotidiáse estruturadas con bastante dificultade e con necesidade de repeticións e con apoio xestual. | Entende información relevante do que se di en transaccións e xestións cotidiáse estruturadas con dificultade e con necesidade de repeticións e con apoioo xestual. | Entende información do que se di en transaccións e xestións cotidiáse estruturadas con bastante dificultade e con necesidade de repeticións e con apoio visual sen necesidade de repetición. | Entende información relevante do que se di en transaccións e xestións cotidiáse estruturadas sen necesidade de repeticións e sen apoio xestual. |
| Ten dificultade en identificar as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais dunha conversación informal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais dunha conversación informal con apoio visual e xestos, sen necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación informal sen apoio visual nin xestos. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Ten dificultade en identificar as ideas principais nunha conversación formal ou entrevista con apoio visual, xestos  e con necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación formal ou entrevista con apoio visual, xestos  e con necesidade de repetición. | Identifica as  ideas principais nunha conversación formal o entrevista con apoyo visual y gestos, sin necesidad de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación formal ou entrevista sen apoio visual nin xestos. |
| Ten dificultades en identificar a información esencial de programas de televisión sobre asuntos cotiás ou do seu interese con necesidade destos apoios: visual, xestos y repeticións. | Sabe identificar o sentido global e informacións esenciais  de programas de televisión sobre asuntos cotiás do seu interese con necesidade destes apoios: visual, xestos y/o repeticións. | Sabe identificar o sentido global e informacións esenciais  de programas de televisión sobre asuntos cotiás ou do seu interese con necesidade de al menos un destes apoios: visual, xestos ou repeticións. | Sabe identificar o sentido global e informacións esenciais  de programas de televisión sobre asuntos cotiás ou do seu interere sen necesidade de apoio visual, xestos ni repeticións. |

| INDICADORES DE LOGRO | | | |
|---|---|---|---|
| **En vías de adquisición** | **Adquirido** | **Avanzado** | **Excelente** |
| Fai presentacións breves e ensaiadas, seguendo un esquema lineal e estructurado, e responde a preguntas breves e sinxelas dos ouvintes sobre o contido ds mismas dun  xeito pouco claro, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguendo un esquema lineal e estructurado, e responde a preguntas breves e sinxelas dos ouvintes sobre o contido ds mismas de maneira clara , con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguendo un esquema lineal e estructurado, e responde a preguntas breves e sinxelas dos ouvintes sobre o contido ds mismas de maneira clara , con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguendo un esquema lineal e estructurado, e responde a preguntas breves e sinxelas dos ouvintes sobre o contido ds mismas de maneira clara , con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e apoiándose en xestos. |
| Desenvólvese con dificultade en xestións e transaccións cotiás, dunha maneira pouco clara, con algunas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen  apoio de xestos. | Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen  apoio de xestos. | Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e con  apoio de xestos. |
| Participa en conversas cara a cara con algunha dificultade na comprensión e con problemas no uso de patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados. | Participa en conversas cara a cara con algunha dificultade na comprensión e con problemas no  uso de patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados.s. | Participa en conversas cara a cara  de manera comprensible y con problemas no  uso de patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados.. | Participa en conversas cara a cara de manera completamente comprensible y sen problemas no uso de patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados. |
| Desenvólvese con dificultade en xestións e transaccións formais, reunións e entrevistas  dunha maneira pouco clara, con algunas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Desenvólvese con dificultade en xestións e transaccións formais, reunións e entrevistas dunha maneira clara, con algunas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Desenvólvese con pouca dificultade en xestións e transaccións formais, reunións e entrevistas dunha maneira pouco clara, con algunas pausas, con necesidade de repeticións e con apoio de xestos. | Desenvólvese con pouca  dificultade en xestións e transaccións formais, reunións e entrevistas  dunha maneira pouco clara, con algunas pausas, con necesidade de repeticións e con apoio de xestos. |

| BLOQUE 3: Comprensión de textos escritos |
|---|
| INDICADORES DE LOGRO |

| En vías de adquisición | Adquirido | Avanzado | Excelente |
|---|---|---|---|
| Identifica con dificultade instruccións xerais, coa axuda da imaxen. | Identifica  instruccións xerais, coa axuda da imaxen.l | Identifica sen dificultade instruccións xerais, coa axuda da imaxen.l | Identifica, sen apoio das imaxes, instruccións xerais |
| Identifica con dificultade a función comunicativa de correspondencia personal sinxela en calquera  formato recoñecendo palabras, en textos breves e sinxelos, escritos de temas familiares ou de su entorno. | Identifica e a función comunicativa de correspondencia personal sinxela en calquera  formato recoñecendo palabras, en textos breves e sinxelos, escritos de temas familiares ou de su entorno. | dentifica con dificultade a función comunicativa de correspondencia personal sinxela en calquera  formato recoñecendo palabras, en textos breves e sinxelos, escritos de temas familiares ou de su entorno. . | dentifica con dificultade a función comunicativa de correspondencia personal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras, en textos breves e sinxelos,  escritos de temas familiares ou de su entorno. |
| Recoñeoce con moitas dificultades palabras e frases de textos periodísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con moita axuda visual y contextual para identificar o sentido global e o tema. | Recoñeoce con pouca dificutade palabras e frases de textos periodísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con moita axuda visual y contextual para identificar o sentido global e o tema. | Recoñeoce con pouca dificultade palabras e frases de textos periodísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con moita axuda visual y contextual para identificar o sentido global e o tema. | Recoñeoce sen ningunhas dificultades palabras e frases de textos periodísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con moita axuda visual y contextual para identificar o sentido global e o tema. |
| Identifica con bastante dificultade palabras e frases en páxinas Web e outros materiales de referencia ou consulta claramente estructurados sobre temas familiares para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. | Identifica con dificultade palabras e frases en páxinas Web e outros materiales de referencia ou consulta claramente estructurados sobre temas familiares para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. | IIdentifica con pouca dificultade palabras e frases en páxinas Web e outros materiales de referencia ou consulta claramente estructurados sobre temas familiares para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. | IIdentifica sen ningunha dificultade palabras e frases en páxinas Web e outros materiales de referencia ou consulta claramente estructurados sobre temas familiares para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. |

| BLOQUE 4: Producción de Textos Escritos: Expresión e Interacción | | | |
|---|---|---|---|
| INDICADORES DE LOGRO | | | |
| **En vías de adquisición** | **Adquirido** | **Avanzado** | **Excelente** |
| Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa os seus intereses ou aficións marcando con moita dificultade os datos ou outro tipo de información personal. | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa os seus intereses ou aficións marcando con algunha dificultade os datos ou outro tipo de información personal. | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa os seus intereses ou aficións marcando sin dificultade os datos ou outro tipo de información personal. | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa os seus intereses ou aficións marcando  case na súa totalidade os datos ou outro tipo de información personal. |
| Escribe con moita dificultade notas y mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), nos que realizan comentarios moi breves ou da instruccións e indicacións utilizando poucas das estructuras dadas. | Escribe con moita dificultade notas y mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), nos que realizan comentarios moi breves ou da instruccións e indicacións utilizando con algunha dificultade as estructuras dadas. | Escribe  notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), nos que realizan comentarios u da instruccións e indicacións utilizando con algunha dificuldade as estructuras dadas. | Escribe sen dificultade notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), nos que realizan comentarios u da instruccións e indicacións utilizando con algunha dificuldade as estructuras dadas. |
| Escribe a partir  dun modelo correspondencia persoal breve con moita dificuldade. | Escribe a partir  dun modelo correspondencia persoal breve utilizando un léxico adecuado pero con dificultad. | Escribe a partir  dun modelo correspondencia persoal breve utilizando un léxico adecuado. | Escribe a partir  dun modelo correspondencia persoal breve utilizando un léxico adecuado casi na súa totalidade. |

## 9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Os alumnos que teñan francés d suspenso doutros cursos terán que facer unhas fichas con exercicios que abarquen toda a materia do curso suspenso. Ademais, terán que realizar un exame no mes de maio. Deberán entregar as fichas no prazo que lles indicará o profesor. A nota final inclúe os exercicios, que contan un 30 % da nota final, e o exame, que conta un 70 %. Se a nota final non supera o 60 % (aprobado), o alumno terá que presentarse á convocatoria de setembro.

As fichas serán distribuídas ós alumnos ó principio do curso e terán que entregalas conforme avanza o curso, para que tanto o alumno como o profesor teñan un seguimento continuo da materia.

Os alumnos con francés pendente pero que continúan estudando esta materia, se o rendemento é alto e o traballo constante, estarán exentos da realización das probas de maio, sempre e cando teñan aprobado os dous trimestres impartidos no presente curso.

## 10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN TOMAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS.

Dende o departamento de francés non se estima preciso realizar unha avaliación inicial escrita, posto que os alumnos que cursan 2º, 3º e 4º da ESO repiten co mesmo profesor que o ano anterior. A avaliación farase, por tanto, de xeito oral, facendo intervir os alumnos nos primeiros días da clase para avaliar a que nivel se sitúa a súa competencia oral. Estas intervencións tomarán a forma ou ben de presentacións individuais ou ben de traballos orais colaborativos. En 1º da ESO si se realizará un traballo grupal que permita ó profesor ver cales son os coñecementos previos de francés cos que os alumnos e as alumnas chegan ó instituto.

## 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Os alumnos, en tanto que individualidades por separado, progresan a ritmos distintos e teñen formas diferentes de aprendizaxe (ademais das súas vivencias persoais, familiares ou sociais).

O enfoque metodolóxico que imos utilizar ten en conta o anteriormente descrito, dando un tratamento globalizado ao traballo por medio de:

- A adaptación de obxectivos, contidos e actividades propostas na programación das unidades.
- As propostas de traballo graduadas e diversificadas para facer que a clase sexa agradable e produtiva para os alumnos.
- O método de traballo propón exercicios repetitivos, cancións, xogos, pequenas redaccións, debuxos, etcétera.
- A planificación de actividades con obxectivos comunicativos e extralingüísticos que fomentan a comunicación para que poidan ser traballados polos alumnos con diferentes niveis.
- O fomento da participación e a colaboración entre os alumnos con diferentes capacidades, xa que posibilita o traballo en parellas e, sobre todo, en equipo. Unha actitude positiva de traballo e unha boa participación nas actividades de grupo serán moi importantes no seu rendemento posterior. O profesor axudará a que os alumnos sexan conscientes diso.

Todas estas actividades permiten aos alumnos tomar decisións e desenvolver a súa autonomía.

## 12. CONCRECIÓNS DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN DURANTE O CURSO

A comprensión lectora é unha das competencias que forman parte da aprendizaxe dunha lingua estranxeira. Pertence ó grupo de competencias chamadas pasivas, e como tal, é unha das que menos problemas presenta para o alumnado. A lingua francesa conta cun gran número de palabras "transparentes" é dicir, que non presentan problemas de comprensión para os falantes hispanos xa que, pola proximidade lingüística existente entre o francés o español e o galego, os alumnos poden deducir o significado das palabras que non coñecen.

Dado que estamos nun contexto educativo, pensamos que é importante animar e potenciar o hábito de lectura nos alumnos, para que desenvolvan habilidades e técnicas de lectura que lles sirvan non só para comprender textos en francés, senón tamén para calquera lingua estranxeira. E importante que os alumnos aprendan a deducir o significado das palabras, non só pola proximidade da súa lingua senón tamén pola información que da o contexto no que estas palabras se atopan inseridas.

De modo xeral, tratarase de fomentar a lectura de textos literarios ou relacionados con temas que interesen ao alumno e que se adapten ao seu nivel. Poñerase á súa disposición libros, revistas (Okapi), cómics (Lucky Luke, Tintin, Astérix et Obélix, etc…) para fomentar no alumnado a lectura de todo tipo de textos.

A introdución das novas tecnoloxías na clase de *Français Langue Étrangère* é unha ferramenta moi útil posto que nos permitirá poñer ós alumnos en contacto coa lingua auténtica. Os novos métodos veñen preparados para ser visionados no cañón e para a pizarra dixital, polo que xa utilizaremos estes recursos tecnolóxicos na clase de francés.

Ademais, coas novas tecnoloxías ábrese un amplo abanico de actividades para seren efectuadas nas aulas:
-Navegar en internet para buscar información nas páxinas francófonas sobre temas de actualidade ou tratados na clase.
-Realización de presentacións Power Point por parte dos alumnos que posteriormente serán visionadas.
-Realización de exercicios en liña en clase. Os alumnos poden apuntar a referencia das páxinas para posteriormente traballar pola súa conta na casa, o que lles confire unha maior autonomía para aprendizaxe da lingua.
-Gravacións dos alumnos de programas de radio ou telediarios redactados por eles.
-Visionado de telediarios en francés.
-Visionado de vídeos musicais

## 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Estas son as actividades que o Departamento de Francés prevé realizar neste curso escolar 2022-23.

| | |
|---|---|
| ANUAIS | ■ Iniciar unha correspondencia por carta e teleconferencia co alumnado de 3º da ESO con estudantes de Delémont (Suiza) localidade que está irmandada co concello de Camariñas. Esta actividade solicitouse para realizarse no marco do programa da Xunta de Galicia, *Edu-exchanges* e está polo momento pendente de aprobación.<br><br>■ Iniciar unha correspondencia co alumnado de 4º da Eso entre o noso instituto e un instituto da Bretaña francesa.<br><br>■ Citas quincenais co alumnado de 4º da ESO para a preparación dos diplomas do B1 de francés. |
| PRIMEIRA AVALIACIÓN | ■ Preparación dunha canción en francés co alumnado de 1º Da ESO de cara a participación no festival de Nadal.<br>■ Colaboración co departamento de francés para a realización dunha actividade de Halloween |
| SEGUNDA AVALIACIÓN | ■ Data a precisar. En colaboración co Departamento de Inglés, realización dunhas Xornadas Gastronómicas Franco-Británicas, na que se cociñarán e se degustarán produtos típicos de Francia e Inglaterra. |
| TERCEIRA AVALIACIÓN | ■ Data a precisar. En colaboración co Departamento de Educación Física, realización duns campionatos de petanca.<br><br>■ Presentación de alumnos de 4º da ESO ó exame oficial B1 Junior de Francés a través da Alliance Française de A Coruña |

Non se descarta a realización doutras actividades culturais que o seminario estime interesantes, como conferencias, visitas a exposicións, excusións, etc. Estas actividades non se poden determinar pois dependen da programación cultural dos concellos, a universidade, fundacións, etc.

## 14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN:

A xefa do Departamento de Francés reflexionará cada mes, cando redacte as actas do departamento, sobre a evolución da programación, o cumprimento dos obxectivos, a eficacia dos materiais elixidos e, ó final de cada trimestre, sobre a pertinencia dos criterios

e instrumentos de avaliación elixidos. Asemade, os resultados das avaliacións iniciais tamén poden xerar modificacións nas programacións anuais.

O resultado destas reflexións mensuais quedarán plasmadas no Libro de Actas do departamento. Unha vez realizadas, tentaremos ver que solucións atopamos para paliar as deficiencias que iremos detectando na nosa programación, na nosa metodoloxía, nos recursos empregados ou mesmo nos criterios de avaliación, para poder corrixilos e deste xeito mellorar a eficacia do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Por outra banda, este ano, ó finalizar cada trimestre, entregaráselles ós alumnos unha enquisa en tódolos cursos para que fagan propostas de actividades e valoren o desenvolvemento das clases de francés.

## 15. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO:

Ao principio do curso, o alumnado será informado pola profesora de francés do sistema de avaliación que se levará a cabo durante este curso escolar. Para tal efecto, distribuirase entre todo o alumnado unha fotocopia informativa na que se recollen claramente detallados os criterios de avaliación para a materia.

Por outra banda, esta programación será colgada na páxina web do instituto para que quede a disposición de todos aqueles que desexen consultala.

Ponte do Porto, 28 Outubro 2022

María José Varela Liñares. Xefa do Departamento de Francés